

**Dirección Xeral de Formación Profesional**

# Probas libres para ciclos formativos LOE/LOXSE

## Curso 2025-2026

## Instrucións

## Solicitud e proceso de admisión

## Índice

---

1	Introdución.....	3
2	Requisitos das persoas solicitantes.....	3
3	Procedemento de admisión.....	4
4	Lugar de presentación de solicitudes.....	4
5	Documentación relacionada.....	4
6	Partes do impreso de solicitude.....	5
6.1	Datos persoais da persoa solicitante.....	5
6.2	Expón.....	5
6.3	Documentación que se achega.....	5
6.3.1	Requisitos de acceso.....	5
6.3.2	Experiencia profesional.....	6
6.3.3	Recoñecemento de necesidades educativas especiais:.....	6
6.4	Solicita.....	6
6.5	Data e sinatura.....	6
7	Información xeral sobre o proceso de admisión a probas libres.....	6

## 1 Introducción

- A Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, establece no artigo 5 que todas as persoas deben ter a posibilidade de se formar ao longo da vida, e que o sistema educativo debe facilitar e as administracións públicas deben promover que toda a poboación chegue a alcanzar unha formación de educación secundaria posobrigatoria ou equivalente. Consonte o anterior, as probas libres teñen por finalidade permitir ás persoas participantes obteren directamente algún dos títulos de técnico ou de técnico superior de formación profesional, sempre que demostren ter alcanzados os obxectivos establecidos na citada Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, para a formación profesional, así como os fixados no currículo respectivo.
- **Nesta convocatoria de probas libres ofértanse, igual que o ano pasado, os títulos LOXSE.** Desde o curso 2013-2014 ofértanse en probas libres todos os títulos de formación profesional derivados da implantación da LOE que se imparten en Galicia. Nesta convocatoria amplíase a oferta coas tres titulacións derivadas da LOXSE que non foron transformadas en títulos LOE:
  - Ciclo medio de Coidados auxiliares de enfermaría.
  - Ciclo superior de Dietética.
  - Ciclo superior de Prevención de Riscos profesionais.

## 2 Requisitos das persoas solicitantes

- **Cumprir os requisitos de acceso** establecidos na Lei orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación, e ademais:
  - **Ter 18 anos, para optar aos títulos de técnico/a.**
  - **Ter 20 anos, para optar aos títulos de técnico/a superior,** ou 19 anos no caso de posuír xa o título de técnico/a.
- Con carácter xeral, **non estar matriculado/a en ciclos formativos de formación profesional nin ter causado baixa no correspondente curso académico.**
- **Non estar en posesión dun título de formación profesional declarado equivalente** ao correspondente título de formación profesional establecido ao abeiro da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, obxecto da proba.
- Excepcionalmente, **no caso de haber vacantes,** logo de resolto o proceso de admisión, poderán matricularse nas probas libres:
  - **As persoas matriculadas pola oferta modular en módulos profesionais do mesmo ciclo formativo,** sempre que sexan módulos nos que non estean matriculadas no curso académico de realización da proba e que non sexan os módulos profesionais de Formación en centros de traballo nin de Proxecto.
  - **As persoas que superasen o módulo de Formación en centros de traballo,** e no caso dos ciclos de grao superior tamén o módulo de Proxecto, **nos períodos extraordinarios** establecidos no artigo 6.4 da Orde do 28 de febreiro de 2007, de setembro-décembro e de xaneiro-marzo, do mesmo curso escolar no que teña lugar a convocatoria de probas libres.
- Coa finalidade de facilitar a formación permanente, a integración social e a inclusión de persoas e de grupos desfavorecidos no mercado de traballo, se haber vacantes logo de resolto o proceso de admisión, poderán acceder á realización das probas dos módulos profesionais asociados a unidades

de competencia do Catálogo Nacional de Cualificacións Profesionais as persoas adultas que, sen cumpriren as condicións de acceso, teñan acreditada:

- Experiencia laboral equivalente ao traballo a tempo completo de dous anos nunha actividade laboral directamente relacionada co sector profesional do ciclo formativo correspondente.
- Unicamente poderá presentar a solicitude de admisión quen cumpra os requisitos de acceso no período da inscrición.

### 3 Procedemento de admisión

---

- O procedemento de admisión realizarase en dúas fases:
  - Na primeira fase recolleranse as solicitudes e a documentación e a aplicación Ciclosadmisión permitirá a consulta das resolucións de persoas solicitantes.
  - Na segunda, a aplicación Ciclosadmisión permitirá a consulta de persoas admitidas.
- As consultas mencionadas con anterioridade poderán realizarse a través da páxina web "[www.edu.xunta.gal/ciclosadmission](http://www.edu.xunta.gal/ciclosadmission)".

### 4 Lugar de presentación de solicitudes

---

- As solicitudes de inscrición para participar nas probas libres de formación profesional poderanse facer a través do **asistente web para cubrir a solicitude** ([www.edu.xunta.gal/ciclosadmission](http://www.edu.xunta.gal/ciclosadmission)). Tamén se poderá realizar empregando o anexo I e presentarse na secretaría de calquera centro público de formación profesional con oferta de probas libres para a obtención de títulos de FP, malia que non sexa o centro elixido en primeira opción.

### 5 Documentación relacionada

---

- Impreso de solicitude para as probas libres para a obtención de títulos de ciclos formativos de formación profesional (anexo I). Cando se emprega o asistente web o anexo I é xerado ao finalizar o proceso.
- Certificación da Tesouraría Xeral da Seguridade Social, do Instituto Social da Mariña ou da mutualidade laboral en que se teña afiliación, onde conste a empresa, o grupo de cotización e o período de contratación (vida laboral).
- Certificación da empresa na que se adquirira a experiencia laboral, que reflecta especificamente a duración dos períodos de prestación de servizos, a categoría laboral, a actividade desenvolvida, o período en que se realizara a devandita actividade e os ciclos formativos relacionados (anexo II).
- Certificación acreditativa de módulos xa superados do ciclo formativo.
- Se ten 19 anos e un título de técnico/a, deberá presentar o depósito do título de técnico/a (só no caso de solicitar ciclos formativos de grao superior).
- Certificado do recoñecemento do grao de discapacidade e ditame técnico facultativo cando se solicita reserva de praza ou/e adaptación da proba por recoñecemento de necesidades educativas especiais.
- Unha vez resulte admitido/a e durante o período establecido será necesario achegar o impreso de solicitude de matrícula.

## 6 Partes do impreso de solicitude

Dispónse de dous sistemas para cubrir a solicitude de admisión: utilizando o asistente web ou cubrindo a solicitude en papel.

- **Recoméndase empregar o asistente web** para cubrir e presentar a solicitude de admisión ([www.edu.xunta.gal/ciclosadmission](http://www.edu.xunta.gal/ciclosadmission)) xa que vai guiar e axudar a cubrir adecuadamente todos os campos da solicitude. Neste caso consulte o documento Instrucións sobre como realizar a solicitude web na páxina [www.edu.xunta.gal/fp/probas-libres-convocatoria-actual](http://www.edu.xunta.gal/fp/probas-libres-convocatoria-actual).
- Se vostede vai cubrir a solicitude en papel debe ter en conta:
  - Cubra todos os datos requiridos (se dispón de máis dun número de teléfono, indíqueos).
  - Poña especial coidado na formalización dos impresos; calquera erro pode prexudicalo no proceso de admisión a probas libres.
  - Cubra os impresos de xeito claro, mecanografados ou con letra de imprenta.

### 6.1 Datos persoais da persoa solicitante

- Cumprirá consignar de xeito claro os seus datos persoais.

### 6.2 Expón

- A persoa solicitante marcará cun X no cadro correspondente a forma pola que solicita o acceso ao ciclo formativo.
  - Se é acceso directo, marcará os estudos que acredita.
  - No caso de acceso mediante proba, marcará a proba correspondente á documentación presentada.
- Débese marcar só unha forma de acceso. No caso de posuír máis dunha vía de acceso, deberase marcar sempre a académica.

### 6.3 Documentación que se achega

- Deberá sinalar a documentación achegada, marcando cun X no cadro correspondente. Haberá que entregar fotocopias compulsadas ou cotexadas dos documentos.
  - DNI, NIE, pasaporte ou documento de identidade doutro Estado da Unión Europea.

#### 6.3.1 Requisitos de acceso

- Certificación académica na que conste o expediente académico e o depósito do título alegado para o acceso, de ser o caso. Para as persoas con estudos da LOE, ou posteriores, en centros sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia, non cumprirá presentar a certificación académica, agás nos casos en que a Administración educativa así o demande.
- Certificado da superación da proba de acceso ao ciclo formativo. Non cumprirá a presentación do certificado se a proba se realizou nesta comunidade despois do ano 2008, agás nos casos nos que a Administración educativa así o demande.
- Certificado da superación da proba de acceso á universidade para maiores de 25 anos.

### 6.3.2 Experiencia profesional

- Certificación da Tesouraría Xeral da Seguridade Social, do Instituto Social da Mariña ou da mutualidade laboral en que se teña afiliación.
- Certificación da empresa na que se adquirira a experiencia laboral, que reflicta especificamente a duración dos períodos de prestación de servizos, a categoría laboral, a actividade desenvolvida, o período en que se realizara a devandita actividade e os ciclos formativos relacionados.
- Certificación acreditativa de módulos xa superados.
- Certificación acreditativa de unidades de competencia.

### 6.3.3 Recoñecemento de necesidades educativas especiais:

- Certificado do recoñecemento do grao de discapacidade e ditame técnico facultativo.

### 6.4 Solicita

- Indicará, de ser o caso, os módulos profesionais susceptibles de seren validados.
- Indicará, no caso de solicitar recoñecemento de necesidades educativas especiais, a adaptación específica necesaria para o desenvolvemento das probas.
- Indicarase por orde de preferencia o código do centro e ciclo formativo, así como a oferta á que se vincula a petición.

### 6.5 Data e sinatura

- Non esqueza asinar a súa solicitude e indicar a data. As solicitudes non asinadas carecen de validez. Mediante a sinatura vostede faise responsable da veracidade de todos os datos consignados no proceso e do cumprimento dos requisitos da convocatoria. A falsidade dos datos ou da documentación entregada producirá a exclusión do procedemento, ademais das responsabilidades legais que correspondan.

## 7 Información xeral sobre o proceso de admisión a probas libres

---

- De acordo co establecido no artigo 5.2 da Orde do 5 de abril de 2013 pola que se regulan as probas para a obtención dos títulos de técnico e de técnico superior de ciclos formativos de formación profesional dos establecidos ao abeiro da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, do total de prazas que se ofertan, reservárase un 10 % para as persoas solicitantes con discapacidade.
- Para obter máis información pode consultar a páxina web [www.edu.xunta.gal/fp](http://www.edu.xunta.gal/fp) ou dirixirse aos centros públicos con oferta de Formación Profesional.